

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA) nas accións e



actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con problemas de saúde mental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico,



que agrupa actualmente a 12 asociacións repartidas por toda a xeografía galega, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) Representar ao colectivo de persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares ante a sociedade, ante calquera administración ou órgano do Estado e ante outras instancias públicas e privadas, en relación coa súa propia e específica problemática.
- b) Defender os intereses do Colectivo representado ante os mencionados no apartado anterior e intervir nos seus problemas de acordo cos estatutos.
- c) Esixir a adecuada atención sanitaria, social e laboral das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- d) Promover e xestionar servizos de calidade dentro do seu ámbito de actuación que redunden en beneficio dos membros do colectivo, de calquera tipo ou natureza, unilateralmente ou a través de acordos con outras entidades públicas ou privadas, entre elas promover o acceso ao emprego das persoas con enfermidade mental a través da realización de prácticas en empresas con carácter no lucrativo.
- e) Promover a sensibilización e mentalización social cara ás persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, e reforzando o principio de solidariedade entre as Asociacións e a sociedade.
- f) Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de Saúde Mental e Servizos Sociais, recabando dos poderes públicos leis e programas que favorezan os intereses das persoas con problemas de saúde



mental e os seus familiares, así como das entidades membro de Saúde Mental FEAFES Galicia, e outras similares.

g) Unificar e coordinar a acción con outras organizacións, autonómicas, nacionais e internacionais que persigan os mesmos fins, coa intención de crear unha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.

h) Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutorios á familia.

i) Desenvolver unha constante e eficaz información para agrupar a todos os familiares e as persoas con problemas de saúde mental, co fin de integrar nun foro común a todo o colectivo.

j) Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.

k) Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais, a saúde mental e a prevención e promoción das mesmas.

l) Desenvolver actividades de formación, cooperación internacional e igualdade de xénero.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con problemas de saúde mental, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

